

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E A FUNDACIÓN TUTELAR GALEGA PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL SÁLVORA PARA O FINANCIAMENTO DAS ACTUACIÓNS DE TUTELA E PROTECCIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE INTELECTUAL PARA O EXERCICIO 2021.**

Santiago de Compostela,

**REUNIDOS**

**Dunha parte:**

Dona Fabiola García Martínez, na súa condición de conselleira de Política Social, nomeada polo Decreto 112/2020, do 6 de setembro, en uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983 do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, así como no Decreto 110/2020, do 6 de setembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e no establecido no Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991 (DOG nº 82, do 30 de abril de 1991).

**Doutra parte:**

Don Jacinto Lareo Jiménez, con DNI 35965684D , actuando en nome e representación da Fundación Tutelar Galega para Persoas con Discapacidade Intelectual, (en adiante Fundación Sálvora), con NIF G36733046, en virtude da súa condición de Presidente, de acordo co recollido no artigo 19 dos seus estatutos.

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e

**EXPOÑEN**

I. Que as Administracións Públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras administracións ou entes de dereito público e con persoas físicas ou xurídicas ao abeiro do disposto no capítulo VI do título preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

II. Que a Comunidade Autónoma de Galicia, segundo o establecido no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás Comunidades Autónomas polo artigo 148.1.20 da Constitución



española, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, polo que, na súa virtude se aprobou a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia.

**III.** Que a Consellería de Política Social é o departamento da administración autonómica ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, e consecuentemente a atención do colectivo de persoas con discapacidade, conforme ao Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

**IV.** Que A Fundación Sálvora constitúese como fundación no rexistro de fundacións co número de inscrición 1991/7. Que foi clasificada como benéfico - social por Orde do 10 de abril de 1991, da Consellería Trballo e Servizos Sociais; e declarada de interese galego por Orde do 11 de abril de 1991, da Consellería de Trballo e Servizos Sociais.

Actualmente, a fundación está baixo o protectorado da Consellería de Política Social en virtude da Orde do 2 de febreiro de 2016 pola que se modifica a adscrición de determinadas fundacións de interese galego e se ordena a súa adscrición ás consellerías competentes para o exercicio das funcións de protectorado.

**.V.** Que a Fundación Sálvora figura inscrita no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co número E-319, tendo por obxecto a prestación de toda clase de servizos, axudas e atencións ás persoas con discapacidade intelectual, sendo o seu fin velar polos intereses das persoas con discapacidade intelectual, en especial daquelas das que ten encomendada a tutela.

**VI.** Que actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ó desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención ás persoas con discapacidade intelectual, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á financiada a través dos recursos da Administración pública.

**VII.** Que conforme aos requisitos previstos no artigo 26.2. apartado a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Fundación Sálvora debe ser considerada como unha entidade singular dentro dos servizos especializados en materia de



tutela a persoas con discapacidade intelectual da Comunidade Galega, destacando entre as súas singularidades:

- a) Prestar un servizo totalmente independente.
- b) Posuír unha singular forma de atención no exercicio da tutela.
- c) Ter un servizo especializado, personalizado e gratuíto de asesoramento social e xurídico a familias e/ou responsables de persoas con discapacidade intelectual.
- d) Dentro das entidades tutelares privadas é a que conta cun número máis amplo de tutelas, cunha importante previsión de futuro.
- e) No ámbito dos servizos sociais da Comunidade Autónoma Galega é a pioneira no exercicio da función tutelar a persoas con discapacidade intelectual.

Así mesmo, as actuacións recollidas na cláusula segunda do convenio; a súa adecuación ao ámbito competencial da Consellería de Política Social previsto no artigo 20 do Decreto 216/2020, do 3 de decembro, onde se describen as competencias da Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade; e as específicas necesidades inherentes ao colectivo ao que van dirixidas, considéranse razóns que acreditan o seu interese social.

Polo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

### **ACORDAN**

Subscribir un convenio de colaboración para financiamento das actuacións de tutela e protección de persoas con discapacidade intelectual

### **CLÁUSULAS**

#### **PRIMEIRA.- Obxecto**

O obxecto do presente convenio é contribuír ao financiamento por parte da Consellería de Política Social das actuacións da Fundación Sálvora no ano 2021 relacionadas coa tutela e protección das persoas con discapacidade intelectual que se recollen na cláusula segunda.

#### **SEGUNDA.- Actuacións subvencionables**

Será obxecto da concesión da subvención aos gastos derivados da realización dunha actividade continuada no tempo pola entidade beneficiaria, a través do exercicio dos



cargos tutelares encomendados xudicialmente, e da atención a través do servizo de información e asesoramento e que a continuación se relacionan:

a) Exercicio de cargos tutelares de garda das persoas con discapacidade intelectual encomendadas á Fundación Sálvora segundo o dereito vixente.

A Intervención vai dirixida á prestación de apoios de maneira personalizada e profesional, tendo en conta as singularidades, gustos, circunstancias e necesidades persoais. Procuránselles os recursos e apoios necesarios (lugar de vida, educación, traballo, ocio, integración, ...), para o seu mellor desenvolvemento persoal e social; velando pola administración dos seus bens, e cumprindo puntualmente coas obrigas xurídicas e administrativas inherentes ao cargo. Estas intervencións consistirán:

### **1º. Actuacións no ámbito persoal**

- Seguimento continuo, individual e personalizado da evolución de cada tutelado entorno.
- Contacto persoal con visitas periódicas nos lugares de vida e acompañamento noutras saídas.
- Control e seguimento en casos de atencións sanitarias. Solicitud de citas médicas, acompañamentos ós especialistas, servizos de urxencias e/o no seu caso, nos ingresos hospitalarios.
- Contacto e coordinación cós familiares
- Programación, coordinación e seguimento na realización de actividades de Ocio e tempo Libre.
- Compras de roupa e outros aparellos persoais o comezo das tempadas de verán e inverno; e sempre que sexa necesario.
- Solicitud e seguimento de programas e servizos específicos, en caso de ser precisos.
- Xestión da documentación persoal (NIF, tarxeta sanitaria, situación de dependencia, tarxeta de transporte, padrón municipal,...)
- Atención as demandas persoais.
- Programación, seguimento e control das actividades do voluntariado. (voluntarios tutelares).



## 2º. Actuacións no ámbito patrimonial

- Contabilización e xestión dos bens de forma rigorosa e detallada.
- Control de ingresos e gastos.
- Solicitude e/o actualización de pensións e outras axudas económicas .
- Cumprimento das obrigas fiscais e contributivas (renda, impostos,...)

## 3º. Actuacións no ámbito xurídico

- Rendición anual de contas ós xulgados (situación persoal e patrimonial) .
- Solicitude de autorizacións xudiciais .
- Atención as demandas xudiciais .
- Seguimento e intervención en procesos xudiciais (herdanzas, testamentaría,...) .

## 4º. No caso de asunción de novos cargos tutelares:

- Contestación e asistencia a demanda xudicialApertura de Expediente
- Recollida de datos e documentación para o estudo e valoración da situación particular (sociais, económicos, sanitarios, vivenda, familiares, xudiciais...).
- Contacto directo co tutelado e as persoas de referencia no seu entorno.
- Elaboración e presentación no xulgado do Inventario.
- Comunicación ante os distintos Organismos e Entidades da nova representación legal.
- Actualización e/o contratación de novas contas bancarias, seguro de responsabilidade civil e seguro de decesos.
- Revisión das prestacións e pensións económicas.
- Preparación do plan individualizado

b) Servizo de información e asesoramento a familiares, tutores, curadores e outras persoas físicas e xurídicas relacionadas coa atención a persoas con discapacidade intelectual, en temas relacionados coa tutela e protección de persoas ditas persoas. Este servizo inclúe as seguintes actuacións :



- 1º. Atención telefónica e correo electrónico .
- 2º. Entrevistas persoais concertadas nas área social e xurídica.
- 3º. Apoio á labor tutelar de persoas físicas na busca de recursos, cumprimento das obrigas xudiciais, etc.
- 4º. Coordinación e/o derivación a outras entidades.
- 5º. Asesoramento xurídico individualizado.
- 6º. Participación en charlas, mesas redondas, nas que sexa requirida a intervención da entidade.
- 7º. Colaboración e coordinación ca administración e outras entidades de atención a persoas con discapacidade intelectual.

### **TERCEIRA.- Orzamento**

A previsión do orzamento de gastos para o desenvolvemento das actuacións que no marco deste convenio ten previsto desenvolver a Fundación Sálvora , é de 135.604,53 euros.

Para a realización das actividades descritas neste convenio a Consellería de Política Social aportará **cento vinte mil euros (120.000,00 €)**, que serán imputados á aplicación orzamentaria **13.04.312E.481.1** dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, na que dispón de crédito axeitado e suficiente para dar cobertura económica aos compromisos contraídos en virtude do presente convenio.

### **CUARTA.- Obrigas da entidade**

1. A Fundación Sálvora deberá cumprir todas as obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e deberá cumprir todos os requisitos necesarios para obter a condición de beneficiario ou entidade colaboradora previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño; sen prexuízo de todo o anterior, tamén deberá cumprir as obrigas seguintes:

- a) Realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.
- b) Acreditar a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta



obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e do disposto nas bases reguladoras ou nos instrumentos de concesión.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedinte, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais coma comunitarios e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicarlle á entidade concedinte a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

e) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable ao beneficiario en cada caso, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

f) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

h) Dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento das actividades obxecto do presente convenio, en cumprimento do establecido no artigo 15.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, e incluír en todas as actividades obxecto do convenio, en lugar visible, a publicidade e información de: “financiado pola Consellería de Política Social”.

i) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución deste convenio.

2. Así mesmo, a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.



## **QUINTA.- Obrigas e documentación**

En virtude do disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria presentará, con carácter previo á sinatura do convenio e xunto co programa de actividades a desenvolver, a seguinte documentación:

- **Declaración comprensiva de todas as axudas e subvencións** solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto, ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitaron nin percibiron outras axudas ou subvencións.
- **Declaración responsable**, suscrita polo representante da entidade, de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de beneficiaria de subvencións sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

## **SEXTA.- Compatibilidade con outras axudas**

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total da actividade que vai desenvolver o beneficiario.

## **SÉTIMA.-Forma de pagamento**

Respecto ao pagamento e forma de xustificación da subvención estarase ao disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria.

Efectuarase un pagamento de ata o 20% da totalidade da subvención, con carácter de anticipo a conta da liquidación, unha vez asinado o presente convenio.



O 80% restante farase efectivo unha vez rematadas todas as actividades do convenio, aportando a documentación prevista na cláusula oitava do convenio.

Con carácter previo ao pagamento poderá consultarse, salvo oposición por parte do interesado, o cumprimento das súas obrigas tributarias, coa Seguridade Social, e coa facenda da Administración Pública da Comunidade Autónoma de Galicia, así como non ser debedor por resolución de procedemento de reintegro. De opoñerse terá que facelo de xeito expreso tal e como sinala o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e achegar os xustificantes ou documentación necesaria para acreditar o seu cumprimento, se é o caso.

### **OITAVA.- Gastos subvencionables e xustificación**

1. Son gastos subvencionables os que cumpran os requisitos fixados polo artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Para estes efectos, considerarase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación que remata o **10 de decembro de 2021**.

En consideración ao obxecto do convenio ten carácter subvencionable o gasto de persoal adscrito á execución do convenio, así como o gasto corrente directamente relacionado coa actividade subvencionada. Os gastos repartiranse proporcionalmente entre as distintas actuacións de acordo co desglose recollido na memoria económica.

Así mesmo, considerarase efectivamente pagado o gasto cando se xustifique o pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados polo beneficiario. No suposto de que o xustificante do pagamento inclúa varias facturas, deberase xuntar unha relación delas. No suposto de facturas pagadas conxuntamente con outras non referidas ao proxecto subvencionado, a xustificación do pagamento débese realizar sempre mediante a achega do correspondente extracto bancario que irá acompañado dun dos seguintes documentos: relación emitida polo banco dos pagamentos realizados, orde de pagamentos da entidade selada polo banco ou recibín do provedor. Para gastos de escasa contía por importes inferiores a 1.000 euros poderase aceptar a xustificación do pagamento mediante recibín do provedor.

2. Para os efectos de xustificación, a Fundación Sálvora remitirá á Dirección Xeral de Maiores de Persoas con Discapacidade da Consellería de Política Social, coa



xustificación do emprego da cantidade do proxecto e en todo caso con data límite do 10 de decembro de 2021:

- a) Un informe-memoria detallado de cada unha das accións levadas a cabo e/ou as actividades realizadas ao abeiro deste.
- b) Unha certificación expedida e asinada polo órgano competente da entidade, dos gastos realizados que incluíra a relación das facturas e xustificantes dos gastos realizados, con identificación dos acredores cos seus NIFS, o número e data da factura, o concepto, o importe e a data de pagamento xunto coa achega dos xustificantes-facturas dos gastos realizados e a acreditación do pagamento efectivo deles, segundo o previsto no artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- c) Certificación do órgano competente relativa a que as achegas da Consellería de Política Social foron destinadas aos fins para os que foron concedidas.

3. A efectos de proceder á xustificación dos pagos da subvención do coste salarial, a entidade beneficiaria deberá presentar, referida á mensualidade ou mensualidades polas que se solicita, a seguinte documentación:

- a) Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación do programa subvencionado..
- b) Recibos de salarios.
- c) Documentos TC2 e TC1 dos traballadores correspondentes ao meses imputados
- d) Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190)

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia ou cargo bancario correspondente que acredite a realización do seu pago.

4. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará o reintegro da subvención, ou da parte proporcional non xustificada, e demais responsabilidades establecidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño . Cando formen parte da conta xustificativa documentos de gastos de nóminas ou que comporten ingresos á conta do IRPF ou cotas por seguros sociais liquidables con posterioridade á data de xustificación, o importe destes ingresos ou cotas considérase xustificado coa presentación do documento de gasto (factura ou documento equivalente) en que se reflicta o importe da retención ou cotización devengadas na data de xustificación, quedando a entidade beneficiaria obrigada a



presentar os documentos acreditativos da súa liquidación con data límite a primeira quincena de febreiro de 2022.

### **NOVENA.- Incumprimentos, reintegros e sancións.**

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os intereses de demora correspondentes.

Entenderase incumplida a obriga de xustificar cando a Administración, nas súas actuacións de comprobación ou control financeiro, detectase que na xustificación realizada polo beneficiario se inclúsen gastos que non respondesen á actividade subvencionada, que non supuxesen un custo susceptible de subvención, que fosen xa financiados por outras subvencións ou recursos, ou que se xustificasen mediante documentos que non reflexasen a realidade das operacións.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que non se cumpran os requisitos ou condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumplida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do obxecto subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% da actividade obxecto de subvención, entenderase que dito incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus intereses de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención regulada nestas bases seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título VI do seu regulamento.



### **DÉCIMA.- Inexistencia de relación laboral**

A Fundación Sálvora queda facultada para designar o persoal necesario para realizar as actividades propostas. A subscrición do presente convenio non leva consigo relación laboral nin contractual algunha entre a Consellería de Política Social e as persoas que realicen as actividades obxecto del, de tal xeito que non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento del.

A Fundación Sálvora asume a responsabilidade respecto do persoal que asume as obrigas de levar a cabo as actividades establecidas no convenio, así como aquelas derivadas das relacións contractuais, reservándose as dúas partes contratantes deste convenio o dereito ao exercicio das accións pertinentes tanto resolutorias como indemnizatorias no suposto de paralización dalgunha actividade.

### **DECIMO PRIMEIRA.- Comisión de seguimento e control**

Para o seguimento e coordinación das accións previstas no presente convenio creárase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representados cada un dos órganos e entidades afectados polo mesmo. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e dous representantes da a Fundación Sálvora. A dita comisión será presidida por un dos representantes da administración. O secretario poderá ser un membro do propio órgano, ou ben unha persoa adscrita a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, designada pola persoa que asuma a presidencia, que nese caso actuará con voz pero sen voto.

Non obstante, todas aquelas cuestións que se susciten en relación co outorgamento, cumprimento, xustificación e pagamento, así como o reintegro e determinación das posibles responsabilidades relativa á subvención concedida, serán resoltas pola Consellería de Política Social.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na mencionada Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.



## **DÉCIMO SEGUNDA.- Vixencia**

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2021.

Non obstante, financiaranse os gastos realizados dende o 1 de xaneiro do presente exercicio, sempre e cando amparen actuacións encamiñadas a asegurar o correcto cumprimento dos acordos acadados; en todo caso os pagamentos dos gastos subvencionables ao abeiro deste convenio deberán estar efectivamente realizados na data límite de presentación da xustificación, o 10 de decembro de 2021.

## **DÉCIMO TERCEIRA.- Obrigas de publicidade**

O presente convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia. Así mesmo, será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes consenten dar publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS).

## **DECIMO CUARTA.-Protección de datos**

As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actuacións realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).



Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social coas finalidades de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión deste convenio.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme ás referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia no propio convenio.

A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitación que esta establece.

Os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>.

#### **DÉCIMO QUINTA.-Réxime xurídico**

O presente convenio terá carácter administrativo rexéndose nos seus efectos polo establecido nas súas cláusulas, na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro e na Lei 40/2015, do 1 de outubro. No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexeráse polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 24 de febreiro do 2014.

A administración gozará de tódalas prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.



As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, no prazo de un mes se a resolución fose expresa. Se o acto non fora expreso, poderá interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá interpoñer directamente recurso contencioso - administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, se este fose expreso. Se non o fora, o prazo será de seis meses e contarase, para o solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso - administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

E en sinal de conformidade coas estipulacións do presente convenio, o asinan ambos os dous comparecentes no lugar e data expresado.

A conselleira de Política Social

O presidente da Fundación Tutelar  
Galega para Persoas con  
Discapacidade Intelectual Sálvora

Fabiola García Martínez

Jacinto Lareo Jiménez

